

A Caza de Don Celinos

The Hunt of Don Celinos

Xosé Ramón MARIÑO FERRO

Universidade de Santiago de Compostela
asmarino@usc.es

RESUMO

Analizamos unha versión en lingua galega de “A caza de don Celinos”, un romance de adulterio. A versión galega resulta bastante enigmática, pois a esposa dille ao seu marido que se non lle trae a cabeza dun cervo vai malparir. Para aclarar o enigma rastreamos o significado do cervo na cultura tradicional europea.

PALABRAS CHAVE: Romances, romanceiro, literatura popular, mitoloxía, lendas.

MARIÑO FERRO, X. R. (2005): “A caza de don Celinos”. *Madrygal (Madr.)* 8: 85-90.

RESUMEN

Analizamos una versión en gallego de “La caza de don Celinos”, un romance de adulterio. La versión gallega resulta bastante enigmática, pues la esposa le dice a su marido que si no le trae la cabeza de un ciervo abortará. Para aclarar el enigma rastreamos el significado del ciervo en la cultura tradicional europea.

PALABRAS CLAVE: Romances, Romancero, literatura popular, mitología, leyendas.

MARIÑO FERRO, X. R. (2005): “La caza de don Celinos”. *Madrygal (Madr.)* 8: 85-90.

ABSTRACT

We analyze the Galician version of “The hunt of don Celinos”, a ballad about adultery. The Galician version works out to be fairly enigmatic, since the wife tells her husband that if he doesn't bring a deer's head, she will have an abortion. To clarify the enigma, we trace the significance of the deer in the traditional European culture.

KEY WORDS: Romances, collection of romances, popular literature, mytology, legends.

MARIÑO FERRO, X. R. (2005): “The hunt of don Celinos”, *Madrygal (Madr.)* 8: 85-90.

SUMARIO: 1. O romance. 2. O cervo. 3. Textos sobre o cervo. 4. Referencias bibliográficas.

ocultar na realidade. Por exemplo, na versión de Xirineldo recollida en Palleirós, aldea de Reigada-Manzaneda, cando sae o protagonista de durmir coa princesa e o rei pregunta de onde vén, el contesta: “Veño de cortar as rosas”. Desa maneira ocúltalle a verdade ao rei, pero os que escoitan o romance saben a verdade porque coñecen que na linguaxe dos romances esa expresión equivale a unha relación sexual. Nalgunha versión en castelán, como a recollida en Hermisende, o rei non se deixa enganar:

— Ahí vengo de buscar una rosa que ayer tarde l'he [perdido]
— Ahí mientes tú, ay, Gerinaldo que con la rosa has [dormido (Bernárdez 47)].

Na versión de Melide de *Albaniña*, cuxa protagonista é unha esposa adúltera como a do romance que comentamos, o marido chega de súpeto á casa e pregúntalle á esposa que lle pasa. Ela ocúltalle o adulterio pero, para os oíntes do romance, confésao de maneira simbólica: “Perdinche as chaves” (Bernárdez 141).

O cervo representa o amado xa no *Cantar dos cantares* e na mitoloxía grega, en historias como a de Acteón e Ártemis. Moitos contos populares usan ese símbolo. En Galiza, na poesía galego-portuguesa usárono con mestría Pero Mego, Vidal, Joan Meendis de Beesteyros e outros trobadores. E o símbolo permaneceu na literatura popular como demostra a lenda da doncela cerva, que oculta a personalidade dunha moza namorada de seu irmán.

Coñecedores da simboloxía tradicional, os que escoitaban o romance non necesitaban realmente que lle contasen que a esposa era unha adúltera. Abondaba con que a protagonista dixese que desexaba, que tiña antollo, dun cervo. Desa maneira a historia seguía sendo intelixible e ao mesmo tempo gañaba en contido poético.

Resulta interesante a conversión que fai o romance dun antollo de embarazada nun antollo de amante. Na cultura popular crese que se unha muller encinta non satisfai os seus antollos pode abortar. No romance, usando o cervo como símbolo do amante, a esposa di que pode malparir ou rebentar se non satisfai o seu desexo por Celinos.

É curioso o verso seguinte: “e se ma has de traer, armas non has de levar”, ou sexa, que lle manda cazar e traer un cervo sen usar armas. Aquí a esposa está pensando non no cervo animal senón no cervo amante. Non quere que o esposo

leve armas para que o cervo-amante o poida matar sen ningún risco. Ou quizais está pensando que o esposo non ten armas, no sentido simbólico, tan boas como as de Celinos.

Na versión portuguesa, recollida en 1883 en Campo de Víboras, concello de Vimioso, a esposa, que o manda así mesmo por un cervo, dille que non leve armas novas, pero el desconfía:

...colherás las armas belhas, armas nobas deix'as 'star, colh'um caját'im na mano como se bá passear.
—Num seja diabo, condeza, que me queiras enganar: colherei as armas nobas, armas belhas deixo 'star
(Ferré 381-2).

Tendo en conta que noutros moitos romances as armas dun cabaleiro son símbolo dos seus xenitais (Bernárdez 56, 69), parece indicarse que a esposa opina que o seu home non está para competir co amante, “que muy preparado está”. Pero o marido, querendo demostrar o contrario, “deixou as (armas) que tiña na casa i outras novas foi comprar”. Resulta significativo que no romance de *Albaniña*, onde a adúltera usa como símbolo do pene as chaves, o marido non se preocupa porque ela perdera as chaves, que eran de ferro, pois el trae outras de prata.

Na versión galega non se di que o marido desconfíe das palabras da muller, pero é evidente que o fai pois vai con armas, armas coas que vence a Celinos. No plano simbólico o marido demostra ser máis home que o amante.

Temos, pois, que a caza de Celinos, nas súas distintas versións, refírese a tres cazas: Celinos vai cazar animais do bosque; Celinos vai cazar o marido da súa amante; e o marido vai cazar a Celinos.

Cando o marido regresa, despois de matar a Celinos, a esposa dille: “De tres hermanos que teño esí non ch'a de pasar”. Quere dicir que os irmás dela van a poñerse da súa parte e vingar a morte de Celinos. Era norma, en efecto, que en casos de conflito entre esposos, o pai e os irmáns da muller a protexesen. E como era norma social recóllese na literatura popular (MARIÑO 2004: 323 ss.).

Noutros romances de mulleres adúlteras a protagonista é un ser traidor e malvado. No de “A caza de don Celinos” non sempre se lle bota toda a culpa. A esposa e o amante sempre morren, pero nunhas versións considérase culpábel só a esposa; noutras, en cambio, tamén se fai responsábel ao marido.

A sociedade tradicional, como é de sobras sabido, reproba o adulterio, especialmente o femi-

nino. Móstrase moi rigorosa coas faltas deste tipo porque sempre son fonte de conflito na parella e, sobre todo, porque introducían dúbidas sobre a lexitimidade dos herdeiros. Os homes, que eran os propietarios e os que herdaban as terras, temían deixarllas a un bastardo. Por iso o romance introduce o motivo do embarazo. A esposa podería usar calquera outra desculpa para mandar o seu marido ao monte, pero faino finxíndose encinta. Desa maneira queda marcado a razón que empuxa ao marido enganado.

A referencia ao Nadal probablemente se deba entender tamén nesa clave social e familiar. A esposa afirma que se quedou embarazada o día de Nadal, día no que as familias se reúnen reforzando os lazos de sangue.

Na versión portuguesa faise fincapé no castigo ao adulterio. Despois de contar como o marido mata o amante e logo a esposa, remata o romance con estes dous versos:

Fora, corno, fora, corno, fora de mi cabeça,
Se todos assi fazerem nunca cornos habera
(Ferré 382).

Non obstante, existen versións nas que non se bota toda a culpa sobre a muller. Son as versións nas que se sinala a enorme a diferenza de idade entre os esposos. Cando o marido é un vello que casa cunha rapaciña, faise, en gran medida, responsábel.

Algunhas versións en castelán sacan da traxedia a seguinte lección:

El casar y el compadrear cada uno con su igual,
Y no casar como Elena, Elena de Monteadán,
La casaron con un viejo, no cesaba de llorar.

Quien quiera tomar consejo venga a mí y se lo daré:
Quien quiera casar con moça que no espere a la vejez.
Por mí lo digo, el mezquino, que de cien años me casé,
Tomé una mujer manceba que no tiene los diez y seis.
El día de las sus bodas verex qué fue a hazer...

Polo tanto, o marido é un mesquiño por casar de vello cunha moza tan nova. Non ten culpa só a rapaza por ser adúltera. Tamén o marido é culpable aos ollos da xente porque non seguir a norma de emparellarse entre iguais.

A versión galega, que non fai referencia á vellez do esposo, tampouco remata en versos nos que se atribúa a traxedia á diferenza de idade. Pero en realidade, aínda que falase dun esposo vello, non serían imprescindíbeis. A un lector actual quizais lle axuden eses versos para coñecer

que pensaba a sociedade tradicional sobre os matrimonios entre vellos e mozas. A un labrego de Lugo non lle dicían nada que non soubese de sobras. Os casamentos de vellos con mozas recibían críticas nas conversas informais, nas cantigas e nos contos. E, sobre todo, recibían o rexeite social por medio das chocalladas que, o día da voda e os días previos, a mocidade lle organizaba á parella (Mariño 2000: 327). Rexeitaban tales matrimonios porque era o triunfo da desigualdade e tamén, como na historia que recolle o romance, porque expoñían á mociña casada a caer na tentación do adulterio.

3. TEXTOS SOBRE O CERVO

Polo seu ardor sexual na época de cría o cervo simboliza o amante. Con ese significado aparece xa nos dous piares da cultura europea, que son a Antigüidade clásica e Israel. A Noiva do Cantar dos cantares compara o seu amado cun cervato que brama. Di: “¡A voz do meu amado! Velaquí que vén, saltando polos montes, brincando polos outeiros. Semellante é o meu amado a unha gacela ou a cervato novo” (Ct 2, 8). No libro dos Proverbios chámasele cervo á muller amada: “Gózate na muller da túa mocidade, cervo amábel, graciosa gacela: embriáguente en todo tempo os seus amores” (Pr 5, 19).

Na mitoloxía clásica existe un personaxe que se transforma en cervo: Acteón. Segundo algúns autores, Acteón, convertido en cervo, morre esnaquizado polos seus propios cans, como castigo imposto por Zeus por terse namorado de Ártemis, a deusa que defende con fereza a súa virxindade; segundo os máis, Acteón ve a Ártemis cando se estaba bañando; a deusa convérteo en cervo e Acteón é esnaquizado polos seus propios cans, que non o recoñecen (Apolodoro III 4, 4). Ovidio sinala que a veu núa mentres se bañaba (Ovidio *Metamorfoses* III 180 ss.).

A transformación en cervo parece indicar que Acteón, ao ver o espléndido corpo da deusa virxe, ardeu de desexo. Diodoro confirmaríao cando asegura que Ártemis castiga a Acteón por pretender casar con ela. Hixino dío expresamente: “Viu a Diana mentres se bañaba e quixo forzala. Irritada por isto, Diana fixo que lle naceran cornos na cabeza e que fose devorado polos seus cans” (Diodoro IV 81, 3-5; Hixino *Fábulas* 180).

Pero Meogo, Vidal, Joan Meendiz de Beesteyros e outros trobadores galego-portugue-

ses, influídos —como ben sinala Méndez Ferrín nun precioso traballo—, polo *Cantar dos cantares*, ven no namorado un cervo. Nunha das cantigas de Pero Meogo, por exemplo, «cervo» e «namorado» son palabras intercambiables:

Fostes, filha, eno bailar
e rompestes í o brial.
Pois o namorado í ven
esta fonte seguídea ben,
pois o namorado í ven.
Fostes, filha, eno loir
e rompestes í o vestir.
Pois o cervo í ven
esta fonte seguídea ben,
pois o namorado í ven.

Noutra composición Meogo ve no namorado un cervo ferido:

Tal vai o meu amigo con amor que lh'eu dei,
come cervo ferido de monteiro d'el Rei.
Tal vai o meu amigo, madre, con meu amor,
come cervo ferido de monteiro maior.

Unha das *Leyendas* de Gustavo Adolfo Bécquer, a titulada “La corza blanca”, ofrécenos unha historia na que se xoga cos símbolos do cervo e a caza. Garcés, un monteiro do conde don Dionís, persegue e caza unha corza branca, que ao caer ferida transfórmase en Constanza, a filla de seu amo, da que está namorado en secreto.

Nun dos *Lais* de María de Francia, o titulado Guigemar, o protagonista, ao entrar nunha matoqueira, ve “unha cervo branca co seu cervato. Era un animal totalmente branco e tiña na cabeza cornos de veado. Cos ladridos do can perdigueiro deu un salto, e Guigemar preparou o arco e lanzoulle unha frecha. Feriuna na testa e a cervo caeu ao instante, pero a frecha saíu con forza cara a atrás e espetóuselle a Guigemar na coxa”. O que logo lle acontece a Guigemar é a tradución do contido simbólico desa caza: coñece unha fermosa muller casada —de aí a cervo co cervato— e ambos descubren que “o amor é unha ferida”.

Na lenda de san Xián a caza do cervo tamén é un agoiro do que logo sucederá. Segundo a lenda —recollida por Santiago da Voráxine e que se repite, por exemplo no País Vasco— cando san Xián andaba cazando atopou un cervo que, antes de ser ferido, advertiulle: “Non me mates ou matarás tamén a teu pai”. Xián non fixo caso, disparou o seu arco e matou o animal. Pero logo,

temendo que se cumprise a profecía, decidiu marchar da casa de seu pai. Chegou a Cataluña, onde se namorou dunha vinculeira e casou. Os pais, que o botaban de menos, saíron na súa busca. Chegaron á casa do fillo cando este estaba fóra. A nora cedeulles o leito conxugal para que descansasen. Ao regresar, Xián viu ocupado o seu cuarto e pensou que a súa esposa lle era infiel. Sacou a daga e apuñalou os quen cría causa da súa deshonra. Logo comprobou que se trataba de seus pais. Cumpríranse as palabras do cervo. Entón Xián retirouse da vida mundana para vivir como un auténtico santo.

Nos contos maravillosos son frecuentes os namorados e namoradas transformados en cervos (Mariño 2004: 55, 56, 96). Unha cervo tamén representa a persoa amada no conto galego titulado “A doncela cervo”. A primeira versión publicada Manuel Amor Meilán na *Geografía del reino de Galicia*: do seu pazo desaparecera unha doncela fermosísima. Os seus pais e o seu irmán, cansados de buscala inutilmente, chorárona por morta. Moito tempo despois, indo de caza polas montañas, seu irmán matou unha cervo. Era unha cervo branca coma a neve dos Ancares. Non podendo cargala até o castelo, cortoulle unha das súas mans, que botou na taleiga de caza. Cando chegou á casa, ao sacar a man da cervo branca, atopou, sorprendido, unha man feminina, pingando aínda sangue quente e lucindo nun dos seus dedos un anel que en tempos lucira a súa irmá desaparecida. Pero aínda foi máis o seu asombro e desconsolo cando ao ir buscar o corpo da cervo para aclarar aquel misterio, encontrou o cadáver da súa irmá, sen unha man, co toco aínda rosado e sangrando.

Os irmáns Carré Alvarellos dan versións que engaden algunhas variantes significativas. Na versión de Leandro dise que os irmáns —que se chaman Egas e Aldara— se querían moito; dise tamén que Aldara tiña un pretendente, que o cazador matou a cervo branca cunha frecha cravada no corazón e que a moza fora encantada en figura de cervo. Na de Lois, recollida en Doiras, na parroquia de Vilarello, en Cervantes, os irmáns “criáronse xuntos, de nenos brincaron tamén xuntos e non se afacían o un sen o outro”.

Quen elaborou a lenda e, en boa medida, os que a escoitaban, coñecían o significado dos motivos simbólicos que utiliza. Para eles debía estar claro que este fermoso conto da cervo branca fala dos amores incestuosos entre dous irmáns.

4. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AMIGO, Anabel (2001): *Flor de romances de Cervantes e Pedrafitas*, Santiago, Follas Novas, 150 pp.
- CATALÁN, D. (1984): *Catálogo general del romancero pan-hispano*, Madrid, Gredos, 235 pp.
- . (1997): *Arte poética del romancero oral*, Madrid, Siglo Veintiuno, 2 vols.
- FERRÉ, Pere (2000): *Romanceiro português da tradição oral moderna*, Lisboa, Gulbenkian, 553 pp.
- MARIÑO, X. R. e BERNÁRDEZ, C. (2002): *Romanceiro en lingua galega*, Vigo, Xerais, 415 pp.
- MARIÑO FERRO, X. R. (1996): *El simbolismo animal*, Madrid, Encuentro, 485 pp.
- . (2000): *Antropoloxía de Galicia*, Vigo, Xerais, 519 pp.
- . (2004): *Los cuentos maravillosos*, Barcelona, Ronsel, 378 pp.